



Catro cartos para pan-he  
tres e medio para viño  
un carto para tabaco  
¡ai! contando aló vai un realiño.

Bon caldo e bon pan trigo,  
boa cea e bo xantar,  
ben mantido e ben portado  
xa me poden marmular.  
Xa me poden marmular  
xa me poden marmular  
se marmulan que marmulen,  
fame non hei de pasar.

Pola calle van dicindo  
que quer o leite que é bo-e  
si é leite que se prenda  
¡ai! rapaciña traimo pronto acó-e.

Bon caldo e bon pan trigo,  
boa cea e bo xantar,  
ben mantido e ben portado  
xa me poden marmular.  
Xa me poden marmular  
xa me poden marmular  
se marmulan que marmulen,  
fame non hei de pasar.

Si viñeche aquí por verme  
quiridiño Dios cho pague.  
E si ves por outra cousa  
¡ai! rómpelos zapatiños en balde.

Bon caldo e bon pan trigo,  
boa cea e bo xantar,  
ben mantido e ben portado  
xa me poden marmular.  
Xa me poden marmular  
xa me poden marmular  
se marmulan que marmulen,  
fame non hei de pasar.



- *Bueno, este fixoo un frade que había en Pontevedra, o padre Luís María Fernández que era un folclorista.*

Camiña don Sancho,  
mañanciña fría  
á terra dos mouros  
a librar cautiva.

Á beira da fonte,  
da fonte belida  
as vendas de liño  
lavaba a mociña.

De terra de mouros  
don Sancho volvía  
a i-alma na fonte  
deixara cautiva.

- *O padre Luís María Fernández ... en conocino e trateino ... por toda a provincia da Coruña pero que non está gravada. Si, as letras son del. Precisamente fala de Malpica e todo, unhas letras ...*

Sáin de Corme con día  
anoiteceume en Carballo  
á filla da miña sogra  
que lle quiten o meigallo  
Ai lalalo, ai lalala

Por ir de noite  
caín na lama  
por unha moza  
que namoraba.

Pola culpa do teu  
prenderon ó meu  
se o meu tuvo a culpa  
moita máis tiña o teu.

Malpica dos meus amores  
o rei quixote vender-e  
para mercar a Malpica  
moito diñeiro hai que ter-e  
ai lalalo, ai lalala



Por ir de noite  
caín na lama  
por unha moza  
que namoraba.

Pola culpa do teu  
prenderon ó meu  
se o meu tuvo a culpa  
moita máis tiña o teu.

Ai o faro da Sisargha  
está partido en dous cachos  
unha alúmbralle ós serenos  
outra alúmbralle ós borrachos  
ai lalalo, ai lalala

Por ir de noite  
caín na lama  
por unha moza  
que namoraba.

Pola culpa do teu  
prenderon ó meu  
se o meu tuvo a culpa  
moita máis tiña o teu.

Vento norte, vento norte,  
vento norte repenica  
deixame pasa-lo cabo  
de Caión para Malpica  
ai lalalo, ai lalala

Por ir de noite  
caín na lama  
por unha moza  
que namoraba.

Pola culpa do teu  
prenderon ó meu  
se o meu tuvo a culpa  
moita máis tiña o teu.

... dúas pontes,  
ponte en pedra e de ferro  
por debaixo pasa a i-auga  
do río Cabe, moi quedo.



Aldeña de Baldaio  
aldea de poucos homes  
e aqueles poucos que quedan,  
chámanlle remendafoles  
ai lalelo, ai lalala

Polo río abaixo sai  
unha troita de pé  
corre porque chove, vai  
ven mollada ¡abofé!

Non me tires con pedriñas  
de tirar tira outra cousa  
podes tirarme un biquiño  
i a modo que ninguén ouza  
ai lalelo, ai lalala

Polo río abaixo sai  
unha troita de pé  
corre porque chove, vai  
ven mollada ¡abofé!

Carballeira de San Xusto  
carballeira recortada  
naquela carballeiriña  
perdín a miña navalla  
ai lalelo, ai lalala

Polo río abaixo sai  
unha troita de pé  
corre porque chove, vai  
ven mollada ¡abofé!

...San Benitiño do Coto redondo

... Bo viño mosto

Árdelle o eixo, árdelle o carro  
árdelle o eixo ás de Combarro,  
ás de Combarro que llo vin eu,  
árdelle o eixo ás de Bueu.

As mociñas de Combarro,  
as de Marín e Praceres  
van de troula pola ría  
pro San Benito de Lérez.

- *Un mariñeiro que había de Pontevedra, era patrón e sempre viña... agora xa vai velliño, aínda fai dous anos na Peregrina estaba eu con Cántigas da Terra e veu a comer co coro e aínda lle está dando...*



**Museo  
do Pobo  
Galego**



instituto de  
estudos das  
identidades